

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 4 DE SETEMBRO DE 2017.**

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario accidental:

D. JORGE GARCÍA FERNÁNDEZ.

Interventora accidental:

D^a. M^a CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA N° 36 DA SESIÓN
CELEBRADA O DÍA 28 DE AGOSTO DE 2017.-**

Aprobouse a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 36/2017 do día 28 de agosto de 2017.

**2.- EXPEDIENTE 4/2017. EXPEDIENTE DE
RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DA ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA RP 1/2017.**

Acordouse desestimar a reclamación formulada habida conta da concorrencia dun suposto de forza maior que exclúe a responsabilidade patrimonial do Concello de Lalín.

3.- EXPEDIENTE 3095/2017. EXPEDIENTE SANCIONADOR POR DEPÓSITO DE LIXO EN CAMIÑO EN MACEIRA.

Acordouse o pagamento da multa, sen prexuízo dunha hipotética acción xudicial que se está a estudar, e co obxecto de evitar maiores gastos e prexuízos que se puideran derivar para o suposto de non interposición ou desestimación.

4.- EXPEDIENTE 4053/2017. PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS 2017.

Acordouse aprobar o Plan Estratéxico de Subvencions 2017 do Concello de Lalín.

5.- EXPEDIENTE 4060/2017. AUTORIZACIÓN A TÉCNICO MUNICIPAL DE ASISTENCIA A ACCIÓN FORMATIVA E PAGO DOS GASTOS CORRESPONDENTES.

Acordouse autorizar a un traballador municipal a asistencia ao curso, o pago do importe da matrícula de dito curso (95 euros) e as indemnizacións que legalmente procedan, xa que o contido do mesmo ten relación directa co seu posto de traballo no Concello de Lalín e se xustifica a necesidade desta formación debido á o cambio na lexislación sobre o Esquema Nacional de Seguriade (ENS) nos últimos tempos.

6.- EXPEDIENTE 4043/2017. DACIÓN DE CONTA DA SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS SOCORRISTAS PARA AS PISCINAS EXTERIORES.

Dáse conta da notificación de resolución remitida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria (nº expediente TR351A2017/69-5), pola que se concede ao Concello de Lalín unha subvención polo importe de 5.739,88 euros, para a contratación de traballadores/as desempregados/as ao abeiro da Orde do 2 de maio de 2017.

7.- EXPEDIENTE 4041/2017. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA CELEBRACIÓN DE FEIRA DE OPORTUNIDADES. AEDEZA.

Dáse conta da solicitude presentada na que solicitan autorización

municipal para a realización dunha feira de oportunidades en Lalín na rúa Xoaquín Loriga e colocación de jaimas (5x5 m) por toda a rúa, en horario de 9:00 horas as 21:00 horas, sabado e domingo día 9 e 10 de setembro de 2017.

8.- EXPEDIENTE 4042/2017. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA COLOCACIÓN DE TRAILER SAUDABLE PROMOCIONAL. GADIS LALÍN.

Acordouse conceder autorización municipal para a colocación dun Trailer na rúa Carballeira da Botica, o 26 de outubro de 2017 en horario de 11 a 14 e de 16 a 20 horas (o espazo e de 18 metros de longo por 7 de ancho) e a instalación da hayma.

9.- EXPEDIENTE 4054/2017. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE USO DA AULA CEMIT PARA IMPARTIR ACCIÓNS FORMATIVAS DE OUTUBRO A DECEMBRO. CRUZ VERMELLA.

Dáse conta da solicitude presentada na que solicitan autorización municipal para o uso da Aula Cemit co fin de seguir desenvolvendo ambas actividades de outubro a decembro, tódolos luns en horario de 10:00 horas ás 13:00 horas, para a realización de actividades Obradoiro de informática para persoas maiores e obradoiro de busca activa de emprego.

10.- EXPEDIENTE 4039/2017. SOLICITUDE AUTORIZACIÓN DE CORTE DE RÚA B POR CONCENTRACIÓN DE VEHÍCULOS.

Dáse conta do escrito presentado na que solicita autorización municipal para o corte da rúa B, dende o cruce da rúa Calzada ata o cruce coa rúa Pintor Laxeiro, de 14:00 horas ás 17:00 horas, con motivo da celebración dunha concentración de vehículos de motor o día 23 de setembro de 2017 en Lalín.

11.- EXPEDIENTE 3950/2017. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE USO DA CARBALLEIRA DO RODO E COLABORACIÓN MUNICIPAL PARA ACTIVIDADE DE DANZA.

Dáse conta do escrito presentado na que solicita autorización municipal para o uso da Carballeira do Rodo en Lalín dende o parque infantil ata a Mesa grande inclusive, unhas 50 sillas e unha pequena plataforma de 2x2

aproximadamente para o día 17 de setembro de 2017 dende as 9:00 horas ata as 21:00 horas, para realizar actividades culturais relacionadas coa danza, ocio e as Tradicións Galegas.

12.-FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3687/2017. CP3 CAMBIO DE TITULARIDADE-COMUNICACIÓN PREVIA PARA INSTALACIÓN DUNHA EXPLOTACIÓN DE PORCINO.

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE E CONCEDER PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA para instalación dunha explotación de porcino, situada na parcela de referencia catastral rústica 36024A112001660000BL, preto do lugar e parroquia de Albarellos, de Lalín.

13.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3732/2017. CP4 OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA PARA PINTAR E HIDROFUGAR FACHADA E SUBSTITUÍR BAIXANTES DE EDIFICIO.

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para pintar e hidrofugar fachada e substituír baixantes do edificio en Lalín (exp. 3732/2017).

14.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2382/2017. LICENZA DE OBRA PARA INSTALACIÓN DE EXPLOTACIÓN PARA CEBO DE PORCINO.

Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para instalación de explotación para cebo de porcino, situada nunha parcela denominada “CANGAS BLANCAS” na parroquia de ALEMPARTE, de Lalín.

15.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3503/2017. CP4 OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA PARA CONSERVAR E RESTAURAR A CUBERTA DUN EDIFICIO NA AVDA.

DE DONRAMIRO.

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para conservar e restaurar a cuberta dun edificio existente na avda. de Donramiro núm.21, en Lalín (exp. 3503/2017).

16.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3987/2017. CP4 OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA PARA CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DA CUBERTA DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR EN ANTUIN .

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para conservación e mantemento da cuberta dunha vivenda unifamiliar sita no lugar Antuin núm.16, parroquia de Catasós en Lalín (exp. 3987/2017).

17.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3849/2017. CP3 CAMBIO DE TITULARIDADE-COMUNICACIÓN PREVIA PARA AMPLIACION DE CEBADEIRO DE PORCINO.

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE E CONCEDER PRÓRROGA E MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DA LICENZA DE OBRA para ampliacion de cebadeiro de porcino, situado nunha parcela denominada “Monte da Zarra Nova” (ref. catastral 36024a504000110000RJ), no lugar de Vilariño, parroquia de Santiso, de Lalín (exp. 3849/2017).

18.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO:EXPEDIENTE 4088/2017. INICIO EXPEDIENTE RELATIVO Á CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NA ZONA DO REGUEIRIÑO, DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DO ANO 2017. (BC022017)

Acordouse Iniciar o expediente denominado “BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NA ZONA DO REGUEIRIÑO, DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DO ANO 2017. (BC022017) .

19.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1435/2017. ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DENOMINADO “ADQUISICIÓN DUNHA VARREDORA PARA O CONCELLO DE LALIN -PLAN DE OBRAS E SERVICIOS (PLAN CONCELLOS 2016)” (CSU092017).

Acordouse adxudicar o contrato de subministración denominado “ADQUISICIÓN DUNHA VARREDORA PARA O CONCELLO DE LALIN” (CSU092017).

20.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2370/2017. ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DENOMINADO “ADQUISICIÓN DE MATERIAIS PARA REPARACIÓN DE PISTAS NO TERMO MUNICIPAL DE LALÍN” (CSU112017).

Acordouse adxudicar o contrato de subministración denominado “ADQUISICION DE MATERIAIS PARA A REPARACIÓN DE PISTAS NO TERMO MUNICIPAL DE LALÍN” (CSU112017).

21.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 849/2017. CONTRATO MENOR. OBRAS PROPIAS- REPOSICIÓN MURO LATERAL CAMPO FÚTBOL.

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 1.231,40 € máis a partida de 258,59 € correspondente ao IVE, con destino á realización das obras denominadas “REPOSICION DE MURO DE PECHE LATERAL NO CAMPO DE FUTBOL”.

22.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3643/2017. PROPOSTA DE GASTO (TURISMO) E REALIZAR CONTRATO DE SERVIZO.

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 17.160,00 € (IVE engadido) con destino ao contrato de servizo para a elaboración dos Receptarios: 50 anos de Historia da Feira do Cocido.

23.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4026/2017. PROPOSTA GASTO CON DESTINO AO CONTRATO DE SERVIZO PARA A REALIZACIÓN DA EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA ITINERANTE “50 ANOS DE HISTORIA DO COCIDO”.

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 10.000,00 € (IVE engadido) con destino ao contrato de servizo para a realización da Exposición Fotográfica Itinerante “50 anos de Historia do Cocido”.

24.-FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4059/2017 . FACTURAS E CONTAS.

Acordouse aprobar a relación de facturas que se presenta para a súa aprobación por xunta de goberno Relación nº00062 por importe de 62.471,64 €.

25.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4074/2017. ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Acordouse a ALTA URXENTE no Servizo de axuda no fogar modalidade Libre Concorrenzia, para a persoa beneficiaria con motivo da situación URXENCIA na que se atopa.

26.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4118/2017. DACIÓN DE CONTA DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN SOLICITADA PARA "APARCADOIRO DE AUTOCARAVANAS". PLAN CONCELLOS 2016.

Dáse conta do escrito da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 4 de setembro de 2017, número de rexistro de entrada 6.940, co que achega acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de setembro de 2017, comunicando a concesión dunha subvención ao Concello de Lalín por cambio de aplicación ó abeiro do Plan Concellos 2016 correspondente á Liña 1: Aparcadoiro de Autocaravanas, por importe de 26.990,00 €.

27.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO:EXPEDIENTE 4073/2017. DACIÓN DE CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA INICIATIVAS DIRIXIDAS Á XUVENTUDE.

Dáse conta do escrito da **Consellería de Política Social-Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado**, de data **31 de agosto de 2017**, número de rexistro de entrada **6823**, co que achega resolución comunicando a concesión dunha subvención ao Concello de Lalín para a posta en marcha iniciativas locais dirixidas a Xuventude, por importe de 6.000 €.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:10 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Accidental, dou fe.